

Xoves, 26 de decembro de 2019

Núm. 246

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE MODIFICA O PROCEDEMENTO DE ACCESO
Á SEDE ELECTRÓNICA MEDIANTE USUARIO E CONTRASINAL PARA AS PERSOAS
FÍSICAS*

Expediente: 2019/AE/000006

ANUNCIO

En data 17 de decembro de 2019 ditouse o seguinte decreto:

*“DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE MODIFICA O PROCEDEMENTO DE ACCESO Á SEDE
ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA MEDIANTE USUARIO E CONTRASINAL PARA
AS PERSOAS FÍSICAS.*

En data 29 de febreiro de 2016 aprobouse o procedemento de acceso á sede electrónica do concello de Pontevedra mediante usuario e contrasinal, para as persoas físicas

Agora ben, os avances producidos no desenvolvemento da administración electrónica do Concello de Pontevedra dende a aprobación do citado sistema fan necesario unha revisión do mesmo, en tanto que a necesidade principal de que coa solicitude da clave usando certificado electrónico se tivese que acompañar unha copia do NIF do solicitante, cando este quería evitar recoller a clave persoalmente, debíase a que o impulso da administración electrónica neste Concello atopábase nas súas primeiras fases e polo tanto non resultaba posible a notificación electrónica da citada clave.

Actualmente o sistema de notificación electrónica está plenamente operativo, polo que considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

1. O artigo 13 da Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Pontevedra (BOP 78 de 27.04.2015), ao tratar os instrumentos de identificación e de acreditación da vontade dos cidadáns, no seu apartado c) establece como sistema válido a utilización de claves concertadas nun rexistro previo como usuario, a achega de información coñecida por ambas partes ou outros sistemas non criptográficos, nos termos e condicións que en cada caso se determinen.

2. O artigo 9.2 letra c) da Lei 39/2015 que permite o uso de sistemas de clave concertada.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:3DC0PL49Z35FZH27



Xoves, 26 de decembro de 2019

Núm. 246

3. A disposición final segunda da Ordenanza reguladora da administración electrónica deste Concello faculta ao Alcalde a ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento da propia ordenanza, na que se regula a sede electrónica. Así mesmo o artigo 124.4.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local establece como función do Alcalde, entre outras a dirección da administración municipal.

Tendo en conta o anteriormente exposto, esta Alcaldía

DECRETA:

Primeiro.—Aprobar a modificación do procedemento para a obtención de acceso á parte privada da sede electrónica do Concello de Pontevedra, para as persoas físicas que se poderá tramitar de dúas maneiras:

- Accedendo á sede electrónica e identificándose usando o sistema cl@ve, cumprimentando a solicitude de acceso e presentándoa no rexistro electrónico. O usuario e contrasinal remitiráselle mediante notificación electrónica á cal poderá acceder, previa identificación, con certificado electrónico, no buzón de notificacións da sede electrónica.
- Sen certificado electrónico: Cumprimentando a solicitude de acceso e presentándoa persoalmente na oficina do rexistro xeral do Concello. O usuario e contrasinal seralle entregada persoalmente nese intre.

Unha vez obtida a clave de acceso, por calquera dos dous métodos, poderase cambiar en calquera momento dende a propia sede electrónica previa a correspondente identificación.

Segundo.—Publicar o presente decreto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello para a súa difusión así como na propia sede electrónica.

Así o dispuxo e ordenou o Alcalde, en Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica, dando fe do acto o Secretario da Administración municipal.”

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica.

